


# CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO de ORIENTACIÓN



**Cidade da Cultura**

**Monte Gaiás**

**Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2025**

## C O N T I D O

1. Organización .....	3
2. Lugar de competición .....	3
3. Participantes .....	3
4. Inscripciones .....	3
5. Horario .....	3
6. Cartografía e terreo .....	4
7. Categorias .....	5
8. Distancia, desnivel e controis .....	5
9. Modalidade de competición .....	5
10. Sistema de control .....	5
11. Posibles incidencias do sportident .....	5
12. Clasificacións .....	5
13. Premios .....	6
14. Seguridade e prevención de riscos .....	6
15. Comité de competición .....	6

## 1. ORGANIZA

Área Deportiva da Universidade de Santiago de Compostela.

Contacto: Esther Pedrosa/ [esther.pedrosa@usc.es](mailto:esther.pedrosa@usc.es) Tfno: 678513803

## 2. LUGAR DE COMPETICIÓN

Monte Gaiás e Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Lugar de concentración fronte á Biblioteca e Arquivo de Galicia. Coordenadas: 42.86932; - 8.52728.

### Centro de competición



## 3. PARTICIPANTES.

Poderán participar neste campionato todos os membros da comunidade universitaria (estudantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador, sen límite ningún de idade) das universidades de A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela.

Será responsabilidade dos Servizos/Áreas de Deportes de cada unha das universidades comprobar a pertenza das persoas inscritas á súa comunidade universitaria.

## 4. INSCRICIÓN E PRAZOS

A inscrición realizarase a través dos servizos de deportes das respectivas universidades.

As universidades de A Coruña e Vigo remitirán as súas inscricións ao Servizo de Deportes da Universidade de Santiago por correo electrónico a [deporsec@usc.es](mailto:deporsec@usc.es) antes das 23:59 horas do 17 de marzo de 2025.

## 5. HORARIO.

- 10:00 – Acreditación dos participantes.
- 11:00 – Saída dos primeiros corredores.
- 13:30 – Entrega de trofeos e peche.



## 6. CARTOGRAFÍA E TERREO

Mapa con escala 1/4000 e **equidistancia de 5 m**, debuxado por Eduardo Ramos segundo a normativa Sprint ISSprOM 2019 no ano 2021 e revisado no 2025.

Rexistro FEDO: C-2869-21.




O terreo polo que discurre a carreira ten unha parte urbana e outra de monte.

Na zona de monte atopamos unha zona extensa totalmente aberta, outra con pequenos bosques de carballos e unha terceira que podemos calificar de semiaberta onde predominan as bidueiras. A extensa rede de camiños que percorre o terreo e a boa visibilidade fai que a carreira sexa rápida, só condicionada polo desnivel pronunciado que se dá en moitas zonas.

Na zona urbana os tellados dalgúns edificios chegan ao chan sendo difícil nese caso precisar onde remata o edificio e comeza o chan, sobre todo cando se ve de lado. Noutros o tellado chega a un metro escaso do chan, podendo interpretarse como un cortado



Aínda que na zona de monte non hai vexetación rasteira, porque se limpa periódicamente, podemos atoparnos con pequenos toxos, algunha silva e os tocos das plantas que se cortaron. Non se necesita protección especial para as pernas pero si un **calzado mixto (urbano-monte) resistente**.



4

## 7. CATEGORIAS.

Haberá dúas categorías: Homes e Mulleres.

Estableceranse dous percorridos diferentes, un para cada categoría.

## 8. DISTANCIA, DESNIVEIS E CONTROIS

CATEGORÍA	DISTANCIA	DESNIVEL	CONTROIS
MULLERES	4 km	130 m	24
HOMES	4,6 km	140 m	28

*AVISO: usarase o sistema sportident clásico. O sistema AIR+ non estará activo polo que todos os participantes con este tipo de tarxeta poderán apágala na saída.*

**Comentarios do trazador:** O terreo con boa visibilidade, boa penetrabilidade e sen vexetación rasteira permite unha carreira rápida na que a condición física de cada corredor, a optimización da ruta elixida e fixar/seguir ben os rumbos serán determinantes para conseguir bos tempos. Calculo que o/a primeiro/a botará arredor dos 30 minutos, tempo dunha carreira media.

O percorrido presenta tramos cortos con moitos cambios de dirección e algunha elección de ruta. Hai moitas balizas próximas polo que se recomenda comprobar o código dos controis para evitar erros en tarxeta.

**ATENCIÓN**, sobre todo para os que xa correron neste lugar: habilitouse un **túnel**, importante para elección de ruta que non aparece nos mapas antigos.

## 9. MODALIDADE DE COMPETICIÓN.

A proba será de tipo individual contrarreloxo e desenvolverase na modalidade de orientación en liña. O/A participante terá que pasar obrigatoriamente por todos os controis seguindo a orde numérica consecutiva marcada.

As normas aplicables a esta competición son as establecidas pola FEGADO para a Liga Galega de Orientación a Pé da tempada 2025.

[Regulamento orientación FEGADO 2025](#)

[Normas anuais FEGADO 2025](#)

Non se entregarán dorsais.

Para o préstamo de “pinza”, no caso de que non se dispoña dela debe presentarse o DNI ou similar na secretaría.

## 10. SISTEMA DE CONTROL.

Por medio de Pinza Electrónica Sportident. En caso de fallo do sistema Sportident o participante deberá marcar con pinza tradicional nas casiñas impresas no propio mapa para así certificar o paso polo control correspondente.

### RECORDATORIO:

- Limpar e comprobar a tarxeta ou pinza na saída.
- Coidado con descualificar por non esperar pitido e/ou luz na estación.
- Seguir a orde numérica de controis no percorrido correspondente. Por exemplo, se se pica a 4 antes da 3, non se descualifica se se volve a picar a 3, despois de novo a 4, e logo a 5, 6, etc.
- É obrigatorio picar na estación de meta, e despois descargar na estación-descarga na secretaría. Así comprobaremos que non queda ninguén “perdido” no monte.

## **11. CLASIFICACIÓNS.**

Estableceranse dúas clasificacións individuais: homes e mulleres, e unha terceira por universidades, que resultará de sumar as seis mellores puntuacións de cada universidade (tres homes e tres mulleres). As puntuacións de cada corredor virán dadas do seguinte xeito: o primeiro clasificado obtén 100 puntos; do segundo en diante, dividirase o tempo do gañador (dividendo) entre o tempo do corredor en cuestión (divisor), e o cociente multiplicarase por 100.

## **12. PREMIOS.**

A entrega de premios realizarase nas instalación da Cidade da Cultura ás 13:30.

Entregaranse aos tres primeiros homes e máis ás tres primeiras mulleres, así como ás tres universidades.

## **13. NORMAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS E SEGURIDADE.**

Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pé.

Todos os participantes están obrigados a pasar polo control de meta, aínda que abandonen, e descargar a súa tarxeta no lugar que a organización ten disposto para elo, garantindo así que non quedou ninguén no monte.

Recoméndase levar protección contra vexetación rasteira, fundamentalmente toxos e silvas, que pode haber en diferentes zonas da carreira.

## **14. COMITÉ DE COMPETICIÓN.**

O comité de competición estará formado por tres membros, un por cada universidade participante. As Universidades de Vigo e de A Coruña farán constar no formulario de inscrición a persoa que designan para formar parte deste Comité. O Comité de Competición resolverá as posibles reclamacións relativas ao regulamento aplicado segundo as súas normas e as normas vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia para o deporte das carreiras de orientación.

Todo o non contemplado nos apartados anteriores resolverase de acordó cos Regulamentos Técnicos de Competición da FEGADO e FEDO.

## ENTIDADE ORGANIZADORA

Área Deportiva da Universidade de Santiago

Sección de orientación da USC

Contacto: Esther Pedrosa/ [esther.pedrosa@usc.es](mailto:esther.pedrosa@usc.es) Tfno: 678513803



## ENTIDADES COLABORADORAS



7

Universidade de Vigo

